

VERBO DA EXPOSICIÓN CASTELAO MAXISTRAL. A BOA OBRA AO MESTRE HONRA

Miguel Anxo Seixas Seoane

Fundación Castelao

Exposición *Castelao maxistral. A boa obra ao mestre honra*

Cidade da Cultura de Galicia

Santiago de Compostela, outubro 2018 a marzo 2019

Comisario: Miguel Anxo Seixas Seoane

Está pendente unha exposición ou unha investigación da historia das exposicións en Galicia. Un labor de investigación que nos conte a orixe, o relato e o proxecto de cada unha delas ata hoxe. De moitas carecemos de datos completos para poder definir o seu discurso. Se cadra de agora en diante é máis doado de o facer.

Con todo, existe unha parte delas que non se fai pública, o seu custe económico. Cando un ve unha obra pública unha breve ficha indica os responsables, o seu presuposto total, os financiadores de os haber, e o tempo de execución desa construción. Das exposicións coñecemos só o resultado final; o que se expón, pero non sabemos cal era o proxecto inicial nin a financiación de que se dispuxo e o diñeiro final que se investiu ou gastou nese resultado nin cales foron as partidas para cada sección da exposición. Ó final tampouco podemos saber o rendemento se é que o ten que ter ou a eficacia dese investimento e os seus retornos. Sabemos tamén que non existe programación expositiva específica. Non existe unha programación nin uns obxectivos a longo prazo. Teñen un algo de ventureiras case sempre vinculadas a unha efeméride. E certo que como existen espazos en Galicia cómpre programar ou aproveitar exposicións que veñen de fóra. Resumindo estanse a facer maioritariamente exposicións para uso interno dos connaturais da nación galega. Quero dicir para descubrirlle e ensinar ós galegos e ás galegas a historia que lle foi ocultada ou a que non tiveron un doado acceso. Existen outras exposicións nas que existe unha vontade de exportar Galicia. De mostrala en Madrid, París ou en Buenos Aires, Montevideo ou Nova Iorque,

poño por caso. É unha Galicia que se amosa ó mundo nos que residen galegos pero que tenta chegar a outros espazos, a outras linguas e culturas. Esta custosa política exterior é moito máis escasa.

Dentro dese labor de descubrimento e de divulgación do noso está o de visibilizar moitas das obras que xacen en diferentes lugares de Galicia que se poden ver concentradas nun espazo e nun tempo. Pero hai outras obras dos galegos que por outras circunstancias están noutros lugares públicos ou privados do mundo. Algunhas deses documentos ou pezas volven a dialogar no proxecto expositivo coas obras que aquí conservamos.

Dentro dese labor de amosar aquí algo que é noso e forma parte da nos patrimonio cultural está a exposición de Castelao maxistral. A boa obra o mestre honra. Nela encárgase un relato expositivo no que o coordinador xa sabe previamente que unha obra, neste caso unha pintura é a protagonista. Que ese grande lenzo vai condicionar a exposición. El en por si non enche o espazo outorgado, outro dos condicionantes, para a mostra. Por outra parte nesa relación con outros obxectos non se pode ocultar de mais con excesiva obra ou ruído que distorsione ou oculte a súa potente voz visual. Aí vén outro dos condicionantes, que os outros documentos que se queiran amosar de fóra de Galicia debido o seu custo non sexan excesivos debido ós seus altos custes polo transporte e polos seguros que conlevan.

En resume, que un ten que negociar ou pactar coas autoridades xa que se encontra sempre con tres condicionantes: un tema proposto e neste


caso con un cadro, cun espazo, a Cidade da Cultura, cun tempo case sempre escaso para poder desenvolvelo e cun teito o do gasto xa non se dispón de moito orzamento pois cómpre sempre aforrar. Detrás debería estar sempre un ético criterio de eficiencia de toda empresa cultural debería de ser valorado e ser aplicado en toda xestión pública.

Había pois que elaborar un relato ó redor do cadro. Debido á que a pintura se titula *A derradeira lección do mestre* e que, asemade, esta vítima sentenciada a morte mostra o rostro dun asesinado, Alexandre Bóveda.

A exposición preséntase nun só espazo e adáptase a el e estaba acoutada no tempo: do 5 de outubro de 2018 deica o 3 de marzo de 2019. A oficina técnica da Cidade da Cultura encargouse da montaxe das noventa e dúas pezas seleccionadas.

Ó ensino primario en Galicia dedicoulle o artista, escritor e político Alfonso Daniel Rodríguez Castelao corenta debuxos de humor e fala del nun conto. Amais el foi profesor auxiliar de debuxo no instituto de Pontevedra de 1916 a 1936 que podía complementar o mundo escolar daquela en Galicia.

Para o relato optouse por marcar tres ámbitos dentro do discurso. Cada un cun titular e cun texto en galego, coa súa tradución ó castelán e ó inglés que orienta e explica o relato expositivo. O primeiro está dedicado ó ensino con todos os debuxos, algúns orixinais procedentes todos de Galicia e outros son reproducións doutros debuxos sobre esa etapa escolar que se complementaba nas vitrinas con documentos e con diversos materiais usados polos mestres e polos seus alumnos e con debuxos do mestre Nicolás Gutiérrez Campo de 1935.



Debuxos de Castelao

O seguinte apartado “Castelao profesor de debuxo” era unha licencia neste mundo do ensino primario pois enfocaba o artista como profesor auxiliar de debuxo no instituto de Pontevedra dende 1916. Amósase neste espazo o rexistro no libro do profesorado do instituto como profesor de bacharelato dende o seu ingreso en 1916 ata a súa expulsión, 27 de febreiro de 1937, polas autoridades desleais e triunfantes coas armas en Galicia dende xullo de 1936. Así como dous debuxos de humor orixinais dedicados ó ensino. Mesmo se amosan os seis debuxos conservados pola súa alumna María Ameijeiras Rodríguez no curso 1935-1936. Nun breve vídeo esta ex alumna déixanos testemuño oral do seu estimado e bondadoso profesor Castelao.


O terceiro dos ámbitos “Il República instruír para a liberdade. Bou Eva” está dedicado a dous mestres, curmáns de Castelao, e membros do Partido Galeguista. Un deles Manuel Rodríguez Castelao foi artista e amósase del dúas pinturas producidas pouco antes de elixir a inmolación igual cos seus acompañantes nunha bodega dun barco antes que se entregar os seus vitimarios. Dentro deste apartado amósase os tres álbums da guerra. No primeiro *Galicia mártir* está o debuxo *A derradeira lección do mestre*. Exíbense os ecos desta senlleira imaxe nas publicacións periódicas, nos selos de correo da República e ilustrando folletos e libros en distintos idiomas e en cidades do mundo. Os debuxos de guerra percorreron o mundo en reproducións e amais os orixinais foron exhibidos en Moscova, en Nova Iorque, na Habana, Montevideo e en Buenos Aires. Un Castelao maxistral e universal.



"A derradeira lección do mestre", álbum *Galicía mártir* (Museo de Pontevedra)

Neste apartado está singularizado no centro o óleo de 1945 *A derradeira lección do mestre* (218 x 157 cm). Na parede de enfronte está o debuxo orixinal do álbum *Galicía mártir* (1937) no que se inspira o lenzo, e que se conserva no Museo de Pontevedra. Este debuxo está flanqueado por dúas imaxes máis *Así aprenderán a non ter ideas* e *Superviventes* do mesmo álbum. Ambas dúas resumen o debuxo e dialogan con el. A par do cadro unha listaxe recolle os nome dos cen mestres asasinados ós que acompaña o poema Cunetas de Luís Pimentel.

Por motivos de espazo e de circulación dos visitantes ó final da sala reconstrúese unha escola primaria para nenos e nenas prestada polo Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega). Finalmente, complétase este curruncho final cunha maqueta dunha escola financiada e construída por unha das numerosas sociedades de instrución dos galegos emigrados, o primeiro mapa en releve de Galicia (1909) de Vicente Fraiz Andón, fotos de escolares e unhas escenas da película *A lingua das bolboretas* dirixida por Cuerda inspirada nun conto de Manuel Rivas.



Reconstrución dunha escola primaria (Mupega)

Todo o materia exhibido recóllese no catálogo do mesmo título que se enriquece cuns textos do comisario, de Lourenzo Fernández Prieto, de Xosé Manuel Cid Fernández e de Antón Costa Rico coas súas traducións o castelán e o inglés. O deseño do catálogo é de Pepe Barro. A tiraxe foi de mil exemplares.

Segundo a información facilitada polo equipo do departamento de acción cultural da Cidade da Cultura trátase da exposición máis visitada da historia do Gaiás, cunha cifra que supera as 40.000 persoas durante os 120 días de apertura ao público. Este elevado número de visitas tiveron como principal motivación o fito histórico de ver por vez primeira en Galicia o simbólico cadro *A derradeira lección do mestre*, pintado polo artista de Rianxo en 1945 en homenaxe ao amigo e intelectual galeguista Alexandre Bóveda, asasinado en 1936, e que nunca antes tiña saído do Centro Galicia de Buenos Aires, institución á que pertence.

Hai que salientar, como balance desta exposición, que unha media de 303 visitantes diarios achegáronse ao Museo Centro Gaiás, atraídos pola oportunidade histórica de ver este óleo emblemático. Esta cifra de visitantes por día tamén bateu unha marca na historia do Gaiás, superando incluso á de Gallaecia Petrea, en 2012, que rexistrou unha media de 279 visitantes por día. Cómpre lembrar que aquel foi un número especialmente alto, no que tamén influíu a curiosidade que moitos galegos e galegas sentían por achegarse por primeira vez ó Museo Centro Gaiás, que abría as portas por primeira vez con ese cobizoso e custoso proxecto expositivo.

Entre as cifras, son moi significativas as de escolares; preto dos 9.000 de diferentes cursos e provenientes de 120 centros educativos de toda Galicia. Precisamente, nesta recta final, a Cidade da Cultura organizou esta semana unha serie de debates escolares ao redor de A derradeira leición do mestre. Máis dun cento de estudantes do último ciclo da ESO e de Bacharelato de diferentes centros de Galicia acudiron ao Museo Centro Gaiás para participar en diálogos moderados por xornalistas, que lles convidaron a reflexionar sobre o valor da educación democráticas.

Houbo música na inauguración da mostra e durante a mesma houbo concerto de Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra, coral fundada polo propio Castelao, e na audición 'Os camiños de Castelao' da Real Filharmonía de Galicia. Ademais destas actuacións musicais, a exposición contou cun programa de visitas-relatorio no que os e as participantes tiveron a oportunidade de aproximarse á figura de Castelao seguindo a voz de especialistas como o comisario Miguel Anxo Seixas Seoane, dos catedráticos Lourenzo Fernández Prieto e Antón Costa ou de Carlos Valle Pérez, ex director do Museo de Pontevedra, institución que custodia gran parte do legado artístico de Castelao. Completaron esta actividade os 'Debates ao redor de Castelao' que tiveron como

protagonistas a persoeiros relevantes como o humorista gráfico Siro López, o ex Valedor do Pobo, José Julio Fernández, a profesora Pilar Cagiao ou Carlos Luís Bernárdez.

Na clausura intreviu a Orquestra de Cámara Galega dirixida por Rogelio Groba que ofreceu un repertorio con composicións vinculadas a Castelao como "Na Catedral", movemento da obra musical *Alba de Gloria* composta por Rogelio Groba Groba, inspirándose no discurso lido o 25 de xullo de 1948 polo político nacionalista galego no exilio en Buenos Aires. Ademais, interpretáronse pezas de compositores galegos, como Andrés Gaos, ou de arxentinos, como Astor Piazzolla.

Quixo a vontade que, canda esta exposición, no Museo do Pobo Galego se inaugurase outra dedicada a Castelao o 7 de novembro de 2018: *Alba de Gloria. Unha experiencia*. O discurso 70 anos despois, que remataba o 3 de marzo de 2019, organizada esta por outra institución, o Consello da Cultura Galega.

Ós galegos tentou achegarse sempre Castelao e agora os galegos e as galegas, outra vez, tiveron a oportunidade de se achegar ata el para homenaxear ó seu símbolo.